

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

ASUNTO: CONTRATACION DA EXECUCION DO PROGRAMA DE INTERVENCIÓN E PEDAGÓXICO “ APRENDE XOGANDO” 2014. APERTURA

Sendo as 12:30 horas do día 26 de decembro de 2014, no salón de comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación, presidida pola Ilma. Sra Oitava Tenenta de Alcalde e Concelleira delegada da área de Economía, Emprego, Autónomos e Educación dona Rosana Rielo Rozas, actuando como vocais, don Ángel Trabada Gómez polo Grupo Municipal Popular; dona Cristina Ferreiro polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego; dona Concepción Castro-Gil Iglesias, Técnico de Xestión do Servizo de Intervención; don Pablo López Paz Titular da Asesoría Xurídica do Concello e actuando como secretario don Manuel Louzao Aldariz, xefe do servizo de contratación, patrimonio e fomento.

Abre a sesión a Sra. Presidenta e procédese por parte do Secretario da mesa a informar que tras concederlle un prazo de tres días hábiles ás mercantís “A BILLARDA S.L” e GLOBAL CONSULTING SERVICIOS INTEGRALES PARA LA EMPRESA, S.L para subsanar a documentación administrativa tal e como se acordara na Mesa de Contratación de data 17 de decembro, a mercantil A BILLARDA S.L presentou a documentación requerida en tempo e forma a cal tras ser examinada polos membros da Mesa considerana correcta; sen embargo a documentación requerida á mercantil GLOBAL CONSULTING SERVICIOS INTEGRALES PARA LA EMPRESA, S.L non se presentou no prazo concedido AO EFECTO. Infórmase polo Secretario da mesa que a referida mercantil enviou un fax con xustificante de correos da presentación da mesma pero no momento da celebración desta mesa non chegou ao Concello; a vista do anterior, e tras un breve debate e consulta co titular da asesoría xurídica municipal, os membros da Mesa acordan a súa exclusión por non subsanar no prazo de tres días hábiles ante a propia mesa de contratación, tal e como se establece no artigo 81 do Real Decreto 1098/2001, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, sen que sexa válido neste trámite a previsión que establece o apartado 4 do artigo 80 do mesmo texto, para o caso de presentación de proposicións por correo.

A continuación procedese á apertura dos sobre B (oferta técnica relativa ós criterios de adxudicación non avaliábles automáticamente) das mercantís admitidas á licitación.

Unha vez compróbado que os licitadores aportan a documentación requerida polo prego de cláusulas administrativas particulares, os integrantes da mesa acordan por unanimidade solicitar un informe técnico relativo á valoración dos criterios non avaliábles automáticamente e que deberá emitirse por:

CONTRATACION

MLA/rdi

Ref: APRENDE XOGANDO- OCIOTECAS 2014

Asunto: Apertura sobre B (oferta técnica relativa ós criterios de adxudicación non avaliados automáticamente)

- En relación ca **calidade do programa educativo**, pola Avogada responsable técnica da Casa da Muller

- E en relación ca **calidade no emprego**, conxuntamente polo Servicio de Intervención e polo Servicio de Contratación

Sen máis que tratar, dáse por rematada a sesión sendo as 13:00 horas do día anteriormente sinalado.

A PRESIDENTE



Asdo.: Rosana Rielo Rozas



O SECRETARIO



Asdo.: Manuel Louzao Aldariz